



Neste número // Entrega Premios Produto Gráfico Galego / Apertura da oficina comercial en París e participación en Meet Innov / Primeiros pasos para a constitución da Fundación do CIT-CEAGG / Presentación do estudo: “Alianzas e Cooperacións” / O Libro de Estilo mostra as actividades das empresas asociadas

O Clúster entrega os Premios Produto Gráfico Galego e distingue as propostas máis orixinais e innovadoras

Os gañadores foron “Alfredo debuxa o camiño” (da empresa Tres C Tres), Mellor Libro Editado; “A Mirilla: Oleada Bora Bora” (de Publígal), Mellor Produto Publicitario e o estudante de deseño Ángel David Corral, na categoría de Novo Talento

O 3 de decembro, entregáronse os I Premios Produto Gráfico Galego con grande expectación por parte do numeroso público que asistiu ao acto e dos medios de comunicación que se desprazaron a cubrilo.

Os galardóns foron promovidos polo Clúster para premiar a creatividade e innovación galega, en colaboración coa Consellería de Economía e Industria e a Obra Social Caixa Galicia. Por iso quixeron arroupar o presidente do Clúster, Jacobo Bermejo; o director xeral de I+D+i, Ricardo Capilla, e o director xeral de Acción Social da entidade financeira, José Manuel García Iglesias, coa súa participación na gala de entrega dos premios.

Jacobo Bermejo, sinalou a importancia da creación gráfica e destacou: “este sector factura 1.200 millóns de euros ao ano en Galicia e xera o 5,13 por cento do emprego industrial na comunidade. Por iso queremos que

se teña en conta á hora de deseñar políticas de apoio aos sectores que conforman o Clúster, uns dos que máis inverten en formación, innovación e tecnoloxía”.

Os Premios Produto Gráfico Galego, pioneiros na nosa comunidade

A convocatoria, promovida polo Clúster, foi a primeira destas características realizada en Galicia. A ela presentáronse máis de cen propostas, das que o xurado quixo subliñar o nivel e a orixinalidade de todas elas.

Os Premios Produto Gráfico Galego distinguiron tres categorías. A de Mellor Libro Editado recaeu na obra “Alfredo debuxa o camiño” da empresa Tres C Tres. Así mesmo, resultaron finalistas nesta categoría as obras Caderno de Viaxe Ecuador, da empresa Factoría K, e Catálogo Moa, da empresa Dardo DS.



Foto de familia dos premiados en compañía de José Manuel García Iglesias, Ricardo Capilla e Jacobo Bermejo. Autor: Antón Álvarez.

Doutra banda, o galardón ao Mellor Produto Publicitario foi para “A Mirilla: Oleada Bora Bora”, un traballo desenvolvido por Publígal para unha empresa de telefonía móbil. Os finalistas foron a empresa Cenlitrosmetrocadrado pola campaña “Ter e Manter” e Quattro IDCP polo produto publicitario “Pantone 801 C”.

Finalmente, Ángel David Corral, estudante de deseño gráfico e dirección artística, conseguiu o Premio Produto Gráfico Novo Talento, por un traballo de packaging rea-

lizado para promocionar a música dun artista ourensán. Nesta categoría tamén resultou finalista Jacobo Bugarín por unha campaña realizada para o Festival Galicreques.

O gañador gozará dunha bolsa de traballo na sede do Clúster, valorada en 6.000 euros, e encargárase de desenvolver un traballo sobre o Xacobeo e a industria do libro. O Clúster tamén quixo agradecer a colaboración de Xerox, HP e Océ na primeira edición dos Premios Produto Gráfico Galego.

/ O Clúster abre a súa oficina comercial en París e mostra o potencial galego en Meet Innov /

A nova sede e a participación neste evento supoñen dous pasos moi importantes para a internacionalización dos asociados e a posta de longo da agrupación en Europa

Unha delegación do Clúster trasladouse os días 25, 26 e 27 ata París para participar na Convención de Negocios Meet Innov, un evento que brindou aos asociados a oportunidade de introducirse no mercado francés e establecer contactos para abrir novas vías de negocio.

Ata alí desprazáronse representantes de Anduriña Artes Gráficas, Eurográficas Pichel, Tórculo Artes Gráficas, Atelier Gráfica Visual, TGC, Grayto e Grafinsa, xunto co presidente e o xerente do Clúster.

As empresas que participaron neste encontro entre organizacións innovadoras mantiveron diferentes reunións para mostrar os seus produtos ao mercado internacional e para facerse cuns bos contactos.

Pola súa banda, o xerente do Clúster, pronunciou un relatorio sobre a agrupación e os logros que se conseguiran ata agora, ademais de manter relación con distintos representantes comerciais e institucionais do país galo, de cara a establecer futuras accións.

Convenio para mellorar a visibilidade internacional do Clúster

No marco de Meet Innov, o Clúster asinou un acordo de colaboración coa Axencia de Desenvolvemento Val de Marne. Con este convenio deséxase fortalecer a execución de proxectos de interese mutuo para ambas as dúas entidades.

No documento xa se marcan unhas accións en común como a apertura dunha sede comercial do Clúster en París ou a dinamización dun proxecto



O convenio asinado en Francia abre a porta a proxectos internacionais.

de innovación en colaboración co clúster francés Cap Dixital.

Tamén permitirá a organización de workshops de identificación de proxectos entre empresas españolas e francesas, dentro das áreas de innovación e internacionalización, e que poidan optar aos fondos europeos. Ademais, o convenio posibilita a opción de realizar un proxecto consorciado que permita o acceso a un programa marco europeo.

A oficina en París, xa está a disposición dos asociados

A delegación galega acudiu a coñecer a sede, que funciona dende o día 1 de decembro, para apoiar a internacionalización dos asociados e servir como punto de amarre no mercado francés



A sede do Clúster en París facilitará a apertura de novas vías de negocio aos asociados.



Juan Penas pronunciou un relatorio sobre o Clúster en Meet Innov.

ás empresas asociadas dos sectores gráfico, editorial e publicitario.

A oficina está situada no moderno Centro de Negocios da Axencia de Desenvolvemento de Val de Marne en París. Conta con dous postos de traballo e unha sala de reunións, que xa están a disposición dos asociados.



Representantes de sete empresas asociadas viaxaron ata París para participar en Meet Innov.

Éspérase que coa nova sede pódase realizar unha prospección comercial nos Países Baixos e no Sur de Alemaña. Ademais, servirá de conexión coas propias institucións europeas, onde poden existir posibilidades de atopar nichos de mercado.

O Clúster comeza así a súa andadura internacional, un dos obxectivos principais dende o seu nacemento.

/ Primeiros pasos para a creación da Fundación do CIT-CEAGG /

O Clúster presenta en rolda de prensa o Plan de Viabilidade desta entidade que potenciará a competitividade dos sectores gráfico, editorial e publicitario galegos

O Centro Social de Caixanova en Vigo acolleu o 11 de novembro unha rolda de prensa na que o Clúster presentou o Plan de Viabilidade da Fundación do Centro de Innovación Tecnolóxica da Comunicación, a Edición e as Artes Gráficas de Galicia (CIT-CEAGG) e o Plan da Agrupación Empresarial Innovadora (AEI).

O Clúster conta co apoio de Caixanova para estes dous proxectos, tal e como sinalou Lino Comesaña, director do Instituto de Desenvolvemento da entidade financeira, que afirmou: "facer innovación e desenvolvemento dende unha empresa particular é inviable, de aí a importancia deste tipo de iniciativas que Caixanova apoia sen reservas".

Jacobo Bermejo, presidente do Clúster, demandou máis apoios para os sectores que compoñen o Clúster e engadiu, referíndose ao futuro Centro Tecnolóxico: "queremos facer un chamamento á Administración autonómica para que se implique neste proxecto no que a empresa privada



Imaxe da rolda de prensa que deu o Clúster no Centro Social de Caixanova en Vigo.

está a apostar e a financiar en tempos de crise proxectos de I+D+i que xeran emprego novo, intentan manter o xa existente e dan viabilidade mediante novas tecnoloxías ás empresas que xa están en marcha".

A Fundación axudará a facer realidade o esforzo teórico realizado polo

Clúster, dando soporte á investigación e a innovación que se leve a cabo nos tres sectores. Ademais, servirá de foro de reunión para os socios do Clúster, ao tempo que ofrecerá múltiples servizos de tramitación, consultoría, vixilancia tecnolóxica e competitiva, relacións humanas, desenvolvemento de negocio, etc., aos clientes que o requiran.

/ Un estudo encargado polo Clúster conclúe que o sector gráfico galego necesita unha reconversión /

O Clúster presentou, en colaboración coa Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia, as conclusións do estudo "Cooperación e Alianzas", que encargara a Márquez & Asociados

O sector gráfico está a atravesar uns momentos moi difíciles, xa que non só se enfrenta coa crise económica e ás restricións de crédito, senón que ten que lidiar cunha excesiva atomización empresarial, arrastra un elevado endebedamento e ten que adaptarse aos novos hábitos de consumo e aos acelerados cambios tecnolóxicos.

O estudo destaca nas súas conclusións que as pemes teñen moi complicada a súa sustentabilidade e que as empresas de maior tamaño teñen máis capacidade competitiva e potencial de desenvolvemento, pero carencias en produtividade e capacidades ociosas.

Segundo o documento, a cooperación é a vía perfecta para incrementar os ingresos e mellorar a produtividade. Ademais, propoñen a especialización en actividades concretas, compartir investimentos e apostar pola formación.

As persoas interesadas poden solicitar o estudo nas oficinas do Clúster.



Juan Penas, Jacobo Bermejo e Alberto Rodríguez, este último da empresa Márquez & Asociados, nun momento da presentación.

BREVES

Primeiros resultados da misión a Francia

O Clúster organizou a viaxe a París co obxectivo de axudar á internacionalización das empresas asociadas. Para iso, planificáronse unha serie de reunións bilaterais no país galo e a participación na feira Meet Innov, co fin de facilitarles a posibilidade de chegar a acordos estratéxicos con diferentes compañías.

Esta viaxe comeza a dar os seus froitos entre as empresas participantes. Así, Atelier conseguiu pechar un acordo coa Axencia de Desenvolvemento Val de Marne para realizar a súa memoria anual. O Clúster espera que, grazas á misión comercial, deriven máis operacións entre galegos e franceses nos próximos meses.

Próximo convenio co Clúster de Madrid

A principios de xaneiro está prevista a sinatura dun convenio de colaboración entre o CPGLg e o Clúster do Produto Gráfico e Comunicación de Madrid, coincidindo coa celebración da asemblea xeral deste último.

Jacobo Bermejo e Aurelio García de Sola, presidente do Madrid Network e xerente do Imade (Instituto Madrileño de Desarrollo), rubricarán o seu acordo de cooperación entre as empresas galegas e madrileñas para que estas poidan levar a cabo operacións conxuntas que lles permitan incrementar a súa competitividade e abrir novas oportunidades de negocio.

O Clúster colabora con Agadic no Foro Creativa

Entre os días 9 e 19 de decembro tivo lugar en Vigo o Foro Creativo, organizado pola Axencia Galega de Industrias Culturais conxuntamente coa Dirección Rexional de Cultura de Norte do Ministerio de Cultura portugués. Tratábase dun encontro multilateral entre empresas, creadores e artistas de distintos ámbitos culturais. Para a mañá do 18, organizouse un foro baixo o título: "Produto gráfico. Retos para o século XXI". Neste encontro, que estivo coordinado por Juan Penas, xerente do Clúster, celebráronse distintas mesas redondas sobre as editoriais e as novas tecnoloxías, as empresas de comunicación como ferramenta de posicionamento e a relevancia do deseño nas empresas de impresión.

/ O Libro de Estilo, unha homenaxe aos sectores que conforman o Clúster /

O manual dá a coñecer as actividades que realizan as empresas asociadas nunha pequena obra de arte

O 2 de novembro presentouse en Santiago de Compostela o Libro de Estilo do Clúster, un manual que recolle o sentir de todas as profesións que conforman a agrupación e que interveñen na creación dun produto gráfico: editores, ilustradores, fotógrafos, deseñadores, publicistas, impresores e encadernadores.

Neste acto participaron: Jacobo Bermejo, presidente do Clúster; José Manuel García, director de Acción Social de Caixa Galicia; e Roberto Varela, conselleiro de Cultura e Turismo. Bermejo

sinalou que o Libro de Estilo é "unha síntese do que é o Clúster, dun traballo ben feito, dende a xeración do deseño, tremendamente innovador, ata o seu obxectivo de transmitir unha imaxe moderna do sector".

Por outra banda, o conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, destacou "a pluralidade de respostas produtivas e a orixinalidade das propostas" que se recollen, o que o converte nun "catálogo de know-how e de traballo singular dos nosos editores, ilustradores, fotógrafos, deseñadores, impresores "...

A obra, financiada pola Consellería de Economía e Industria e que conta co apoio de Caixa Galicia, é unha publicación de carácter

visual e grande plasticidade que recolle a actividade de cada socio nunha folla única e innovadora en canto ao contido e a forma.

O Libro de Estilo vai máis alá do formato impreso. Por iso, o Clúster editouno tamén en Bidibook, adaptándose así aos novos soportes de comunicación.



De esquerda a dereita: José Manuel García Iglesias, director de Acción Social de Caixa Galicia; Roberto Varela, conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia; e Jacobo Bermejo, presidente do Clúster, nun momento da presentación do libro.

Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:

Teléfono

881 977 102

Fax

881 977 103

Enderezos electrónicos

juanpenas@clustergrafico.com (Xerente)
comunicacion@clustergrafico.com (Prensa)
cluster@clustergrafico.com (Xeral)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística